

FAMILIA COMPOSITAE

Xénero **Bellis**

Bellis perennis L.

Margarida



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Perenne, con follas basais obovado-espátuladas.

Capítulo con receptáculo cónico.

Flósculos amarelos e lígulas brancas.

Florece todo o ano.

Xénero **Erigeron**

Erigeron karvinskianus DC.

Margarida cimarrona



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Perenne, con follas basais cuneadas e trilobadas; sendo lineares as superiores.

Florece en marzo-outubro,
entre rochas e muros.

Xénero **Chrysanthemum**

Chrysanthemum segutum L.

Crisantemo



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual, glabra, con follas alternas.

Flores con flósculos e lígulas amarelas.

Brácteas có ápice escarioso.

Florece en abril-outubro.

Xénero **Cotula**

Cotula coronopifolia L.

Botón de ouro



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual, glabra, con follas enteiras.

Flósculos amarelos.

Florece en marzo-agosto,
en regatos de beiramar.

Xénero **Taraxacum**
Taraxacum officinale Weber.
Mexacan



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Perenne, coas follas nunha mouta basal, de lóbulos triangulares dirixidos cara atrás.
Escapos rexos e pelosos.
Lígulas amarelas.
Florece en marzo-décembro.
O froito é un “aquenio” (cipsela), con longo pico e vilano.

Xénero **Tolpis**
Tolpis barbata (L.) Gaertn.
Tolpis



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Annual, pubescente, con látex.
Follas basais linear-lanceoladas.
Flores todas liguladas, amarelas e as interiores castaño-purpúreas.
Florece en maio-xullo.

Texto adaptado, procedente de: García, X. R. (2008). Guía das plantas de Galicia (1ª ed.). Vigo: Xerais.

Ilustracións: Antía Ares Carril